

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 18 de maio de 2010 pola que se convoca un curso de formación en emancipación xuvenil e orientación laboral.*

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspóndelle entre as súas funcións a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

Como consecuencia, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de formación en emancipación xuvenil e orientación laboral.

#### Artigo 2º.-*Obxectivos.*

Adquisición de recursos teóricos e prácticos que lle permitan diagnosticar os problemas sociais.

Aprender o manexo de fontes documentais (estadísticas, informes institucionais e analíticos).

Coñecemento sobre as dinámicas intrafamiliares e finalmente adquirir coñecementos e destrezas encamiñadas á orientación dos mozos no ámbito laboral.

#### Artigo 3º.-*Persoal a que vai dirixido.*

Persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como titulados universitarios en pedagogía, psicoloxía, socioloxía, educación social, traballo social, maxisterio e Formación profesional en TASOC.

#### Artigo 4º.-*Criterios de selección.*

Terá preferencia o persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil que

esteá en posesión do curso de especialista en información xuvenil, así como titulados universitarios da rama educativo-social (pedagogía, psicoloxía, socioloxía, traballo social, educación social, maxisterio) e TASOC que teñan feito o curso de especialista en información xuvenil e estén en posesión do carné xove.

#### Artigo 5º.-*Desenvolvemento do curso.*

Metodoloxía: semipresencial.

1. Duración: 90 horas.

Número de edicións: 1.

2. Lugar e datas: a data das sesións presenciais terán lugar en Santiago de Compostela, no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, e seralles comunicada aos alumnos/as seleccionados/as. O curso comezará o día 14 de xullo e rematará o día 15 de outubro.

3. Nº de prazas: 25.

#### Artigo 6º.-*Contidos.*

1. Mocidade e emprego.

2. Mocidade e vivenda.

3. Traballo en equipo.

4. Socioloxía da familia.

5. Itinerarios profesionais.

6. Carreiras profesionais.

#### Artigo 7º.-*Solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar.

O modelo de solicitude descargase do portal [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net).

#### Artigo 8º.-*Certificacións de asistencia.*

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, realizaranse probas obxectivas a distancia ao longo do curso, e ao remate levarase a cabo unha proba avaliativa presencial nas instalacións do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia ou onde se indique no seu momento.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais dos cursos así como ás

xornadas, encontros ou congresos que organice a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa xuventude durante a duración do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas presenciais, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

#### Artigo 9º.-*Modificacións.*

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non houber un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

#### Artigo 10º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

*Orde do 21 de maio de 2010 pola que se convoca un curso de formación en estudos sobre a xuventude, metodoloxía para a produción e análise de datos.*

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspóndelle, entre as súas funcións, a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

Como consecuencia, e en uso das atribucións que me foron concedidas,

#### *DISPOÑO:*

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de formación en estudos sobre a xuventude, metodoloxía para a produción e análise de datos.

#### Artigo 2º.-*Obxectivos.*

Coñecer as políticas públicas sobre xuventude despregadas polos estados supranacionais e nacionais e as corporacións locais. Proporcionar os coñecementos para o deseño de plans e programas de intervención en mozos/as e analizar e discutir as experiencias dos modelos principais de intervención en xuventude.

#### Artigo 3º.-*Persoal a que vai dirixido.*

Persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como titulados universitarios en pedagogía, psicoloxía, socioloxía, educación social, traballo social, maxisterio e formación profesional en TASOC.

#### Artigo 4º.-*Criterios de selección.*

Esta formación encádrase dentro dos cursos de verán, polo que terá preferencia o persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil que estea en posesión do curso de especialista en información xuvenil, así como titulados universitarios da rama educativo-social (pedagogía, psicoloxía, socioloxía, traballo social, educación social, maxisterio) e TASOC que teñan feito o curso de especialista en información xuvenil e estean en posesión do carné xove.

#### Artigo 5º.-*Desenvolvemento do curso.*

Metodoloxía: a distancia.

1. Duración: 150 horas.

Número de edicións: 1.

2. Lugar e datas:

As sesións presenciais terán lugar en Santiago de Compostela, no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. O curso comezará o día 12 de xullo e rematará o día 30 de outubro.

3. Nº de prazas: 25.

#### Artigo 6º.-*Contidos.*

1. Análise sociolóxica da xuventude.

2. Políticas públicas, plans integrais e programas de intervención na xuventude.